

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 24 DE NOVEMBRO DE 2022,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

### DECRETOS

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Decreto polo que se concede o título de embaixador de honra do Camiño de Santiago, a título persoal, a Víctor Manuel Vazquez Portomeñe.
- Decreto polo que se crea o Consello Galego de Colexios Oficiais de Graduados Sociais.

#### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Sanxenxo de varios treitos, de trazado actual e antigo, das estradas EP-9202, EP-9203 e EP-9208.

#### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Decreto polo que se crea o Centro de Innovación Educativa e Dixital.

#### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a prol de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a prol de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

### ACORDOS

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Frades, para a adquisición de mobiliario para o centro sociocomunitario de Ponte Carreira, por importe total de trinta e dous mil euros (32.000,00 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de construción de sendas peonís na marxe dereita da PO-302 e PO-306.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da resolución pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de axuda ao alugueiro de vivenda do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, e se procede á súa convocatoria, con financiamento plurianual, tramitado como anticipado de gasto para o ano 2023 polo importe de trece millóns sete centos cincuenta mil euros (13.750.000 €).

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as Universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo para o reforzo dos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, por un importe total de catro millóns novecentos sesenta e seis mil seiscientos sesenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos (4.966.665,68 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e de Vigo para o desenvolvemento e consolidación das infraestruturas científico-tecnolóxicas do Sistema universitario de Galicia, por un importe total de tres millóns novecentos noventa e nove mil seiscientos euros (3.999.600,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o acordo do 28 de outubro de 2022, da mesa sectorial de sanidade, sobre as futuras convocatorias de acceso aos graos de carreira profesional no Sistema público de saúde de Galicia

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial a persoas maiores en situación de dependencia en concellos das provincias de A Coruña e Ourense (Expediente PA 56/2022). Tramitación anticipada do gasto. Importe de licitación: un millón seiscientos corenta e dous mil cento dezaioito euros con corenta céntimos (1.642.118,40€). Valor estimado: catro millóns setecentos trinta e dous mil novecentos noventa e dous euros (4.732.992,00€).

### CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias, por un importe total de trece millóns cincocentos mil euros (13.500.000,00€).

### MOCIÓNS E PROPOSTAS

- Declaración institucional 25-N: Día internacional da eliminación da violencia contra a muller.

### INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- informe sobre a convocatoria das axudas para a mellora de parques empresariais en Galicia para o ano 2023.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o estado actual e as previsións da conexión ferroviaria en alta velocidade entre Vigo e Porto.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o proxecto Rede galega de parques sen fume.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CONCEDE O TÍTULO DE EMBAIXADOR DE HONRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO A VÍCTOR MANUEL VÁZQUEZ PORTOMEÑE**

- Asegura que Galicia tiña unha “débeda histórica” co director do Plan Xacobeo ‘93
- Resalta que foi a persoa que contribuíu a que medrase “o coñecemento internacional da ruta xacobeá” e que o Camiño “sexá hoxe un dos motores do turismo en Galicia”
- En 2013 concedeuse a primeira distinción de embaixador de honra ao rei Felipe VI, naquel momento S.A.R. o Príncipe de Asturias, para logo seguir recoñecendo a figuras e institucións como Vicente del Bosque, Mariano Rajoy, a Súa Maxestade Xoán Carlos I de Borbón, o Consello de Europa e Carlos Herrera

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou na rolda de prensa tras o Consello que o Executivo autonómico, na súa reunión semanal, aprobou a concesión do título de embaixador de honra do Camiño de Santiago a título persoal a Víctor Manuel Vázquez Portomeñe. Rueda asegurou que este recoñecemento era unha “débeda histórica” co director do Plan Xacobeo’93, a persoa que “contribuíu a que medrase o coñecemento internacional da ruta xacobeá e que o Camiño sexa hoxe un dos motores do turismo en Galicia”.

A concesión deste título está regulada no Decreto 163/2013, do 24 de outubro, e é o titular da Presidencia da Xunta de Galicia quen realiza a concesión deste. Con esta concesión, será o gran embaixador da celebración do 30 aniversario do primeiro Xacobeo civil e do 30 aniversario do recoñecemento ao Camiño Francés como Patrimonio Mundial da Unesco. “É a persoa idónea tanto por coñecementos como por méritos”, resaltou o presidente autonómico.

A vinculación de Víctor Manuel Vázquez Portomeñe co Camiño iniciouse na súa etapa como conselleiro de Relacións Institucionais e portavoz do goberno, cando creou e dirixiu o Plan Xacobeo 93, o maior programa de promoción cultural e turística de Galicia do século XX, xerme dos seguintes plans de promoción, que a Xunta de Galicia impulsou con motivo dos anos santos composteláns 1999, 2004, 2010 e 2021/22.

Como resultado do traballo realizado por Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, medrou o coñecemento internacional de Santiago e de Galicia e reforzouse o prestixio do Camiño de Santiago como itinerario de peregrinación histórico, na estela da declaración do Camiño como primeiro Itinerario Cultural Europeo, por parte do Consello de Europa en 1987. Entre as consecuencias máis positivas do Xacobeo 93 hai que resaltar a positiva pegada económica para Galicia e a declaración por parte da UNESCO do Camiño de Santiago (o Camiño Francés en España) como Patrimonio da Humanidade.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Embaixadores de honra do Camiño de Santiago**

O primeiro título de embaixador de honra do Camiño de Santiago foi concedido ao naquel momento S.A.R. o Príncipe de Asturias, e agora Felipe VI, como recoñecemento ao permanente apoio da Casa Real na promoción e defensa dun dos principais símbolos de Galicia, de España e de Europa no mundo.

En comunicación recibida o 28 de novembro de 2013, o xefe da Casa da S.M. O Rei transmitiu a aceptación do Príncipe do seu nomeamento como embaixador de honra do Camiño de Santiago. Esta distinción concedeuse polo seu apoio constante ao longo do tempo, a través dos seus xestos de recoñecemento cara a ruta xacobeá, manifestando a súa condición de peregrino en distintas ocasións, así como mediante a súa participación nos actos dos anos santos ou como divulgador dos valores xacobeos en todo o mundo. O título acredita, de igual modo, a axuda prestada pola S.A.R. na difusión, promoción e coñecemento do Camiño de Santiago e dos valores asociados a el, así como o seu compromiso de futuro para a divulgación do culto e a cultura xacobeá.

O segundo título de embaixador de honra do Camiño de Santiago foi concedido a Vicente del Bosque, Marqués de Del Bosque, en recoñecemento ao apoio e axuda prestada na difusión, promoción e coñecemento da ruta xacobeá e dos valores asociados a ela, manifestado na súa presenza en Santiago de Compostela, ofrecendo no 2010 ao Apóstolo a Copa do Mundo acadada pola selección española de fútbol no Mundial de Sudáfrica 2010, así como o seu compromiso de futuro para a divulgación do Camiño de Santiago e do culto á cultura xacobeá.

O terceiro título de embaixador de honra do Camiño de Santiago foi concedido ao ex-presidente do Goberno español Mariano Rajoy (26 de decembro de 2014), pola promoción que sempre fixo da ruta xacobeá coas súas peregrinacións e traendo a ela a personalidades internacionais, que fixeron un tramo, como a canceller alemá Angela Merkel e ao primeiro ministro xaponés Shinzo Abe, potenciando así a realización do Camiño de Santiago en Alemaña e Xapón.

O cuarto título de embaixador de honra do Camiño de Santiago foi concedido ao Rei Emérito Xoán Carlos I de Borbón (17 de novembro de 2017), pola súa contribución á difusión da peregrinación a Santiago coas súas numerosas visitas a Compostela e outras localidades do Camiño de Santiago, a meirande parte delas realizando en Santiago a ofrenda ao Apóstolo o 25 de xullo dos últimos anos santos composteláns.

O quinto título de embaixador de honra do Camiño de Santiago foi concedido na categoría institucional ao Consello de Europa (23 de outubro de 2019), pola súa indubidable contribución á promoción do Camiño de Santiago coa declaración deste, en 1987, como primeiro Itinerario Cultural de Europa.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O sexto foi nomeado en abril deste mesmo ano e foi concedido ao xornalista Carlos Herrera, recoñecendo a defensa que o xornalista fai sempre do Camiño no seu labor radiofónico, pero tamén como peregrino, xa que realiza todos os anos o Camiño de Santiago.

### **A figura do embaixador do Camiño no Plan integral de turismo de Galicia**

Na primeira liña estratéxica do Plan integral de turismo de Galicia recóllese a acción de nomear embaixadores de honra do Camiño de Santiago.

O decreto polo que se regula a concesión do título de embaixador de honra do Camiño de Santiago pretende recoñecer o labor das persoas–físicas ou xurídicas-distinguidas pola súa contribución ao coñecemento e divulgación do Camiño de Santiago, a cultura e os valores xacobeos.

Existen dúas categorías de embaixador de honra. Unha delas a título persoal, e a outra categoría, de carácter institucional. Poderán concederse como máximo oito títulos de embaixador en cada categoría correspondentes ao número das oito rutas históricas do Camiño de Santiago.

A presentación de propostas de candidatos para o título poden realizarse ao longo de todo o ano e os embaixadores comprometeranse a colaborar na programación anual da Xunta de Galicia, con polo menos unha acción ou actividade, para a divulgación dos valores humanos e sociais, culturais e espirituais do Camiño de Santiago.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS OFICIAIS DE GRADUADOS SOCIAIS E SE APROBAN OS SEUS ESTATUTOS**

- O novo ente, cuxa sede se situará na cidade da Coruña, integra os correspondentes colexios da Coruña e Ourense, de Lugo e de Pontevedra
- Os obxectivos son a coordinación dos colexios que o constitúen e a representación da profesión, así como as relacións coas institucións e administracións públicas
- A aprobación enmárcase na Lei de Colexios Profesionais de Galicia, que recolle a creación destes entes mediante decreto

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se crea o Consello Galego de Colexios Oficiais de Graduados Sociais e se aproban os seus estatutos. Segundo recolle o documento estatutario, estará integrado polos correspondentes colexios da Coruña e Ourense, de Lugo e de Pontevedra, e terá a súa sede na cidade da Coruña.

O novo ente ten como finalidades a coordinación dos colexios profesionais que o integran e a representación da profesión en cuestións de ámbito autonómico e nas que os seus estatutos ou os propios colexios lle outorguen. Tamén asume como fin esencial as relacións coas institucións e as administracións públicas para facilitar a colaboración e o entendemento, a prol dos intereses sociais e profesionais que defende.

Ademais de regular a creación do Consello Galego e a aprobación dos estatutos, o proxecto de decreto aprobado hoxe inclúe a súa publicación e inscrición no Rexistro de Colexios da Comunidade Autónoma de Galicia, unha disposición derradeira única relativa á entrada en vigor, e o anexo que contén o texto dos estatutos, compostos por 10 capítulos, 43 artigos e unha disposición adicional.

A creación do Consello Galego de Colexios Oficiais de Graduados Sociais enmárcase na Lei de Colexios profesionais de Galicia. A norma recolle a constitución destes entes mediante decreto, que deberá aprobar tamén os correspondentes estatutos. Ademais establece a publicación no Diario Oficial de Galicia do decreto e do texto estatutario, que representa o último paso da tramitación.

Un graduado social é un asesor xurídico e económico en materia socio-laboral e empresarial. É unha das tres profesións xurídicas existentes en España, xunto coa de avogado e procurador, lexitimadas para a intervención en procesos xudiciais, na área do dereito laboral e da Seguridade Social. Requírese título universitario oficial que habilite

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para o exercicio da profesión de Graduado Social e a colexiación é obrigatoria. Na actualidade en Galicia hai 1.250 persoas colexiadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE SANXENXO DE TRES TREITOS DE ESTRADAS PROVINCIAIS

- Transfírense os 316 metros do treito final da estrada EP-9202, que comunica Nanín e a igrexa de Bordóns; o treito inicial de 700 metros na EP-9203, entre Padriñán e A Laxe; e o treito antigo de 120 metros da EP-9208, de Noalla a Aios
- O Concello asume a titularidade destes treitos e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Sanxenxo de tres treitos de tres estradas provinciais ao seu paso polo municipio.

Concretamente, transfírese o treito final de 316 metros de lonxitude da estrada EP-9202, que comunica Nanín e a igrexa de Bordóns, e que vai do punto quilométrico 0+790 ao 1+106; o treito inicial de 700 metros de lonxitude da estrada EP-9203, entre Padriñán e A Laxe, desde o quilómetro 0 ao 0+700; e o treito antigo de 120 metros de lonxitude da estrada EP-9208, entre Noalla e Aios, situado no punto 3+900, marxe esquerda.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello de Sanxenxo terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Nas seguintes imaxes amósanse os tramos obxecto da transferencia autorizada hoxe:

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS




### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CREA O CENTRO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E DIXITAL, PARA AFRONTAR OS RETOS DE FUTURO E A MODERNIZACIÓN DO ENSINO

- O Consello da Xunta dá luz verde ao decreto deste novo órgano especializado na investigación académica e a cualificación profesional
- A súa actividade centrarase na investigación, a transferencia de coñecemento, a internacionalización e a transformación dixital e STEM
- Entre os seus obxectivos estratéxicos están fomentar o desenvolvemento dun ecosistema de educación dixital, mellorar as habilidades e competencias dixitais de profesorado e alumnado, pilotar a implantación de novos recursos e metodoloxías innovadoras e favorecer a inclusión educativa
- A súa sede física estará no Edificio Fontán da Cidade da Cultura e contará cun director, un secretario e un equipo de traballo de asesores especializados nas distintas áreas

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea o Centro de Innovación Educativa e Dixital, un novo órgano especializado ao servizo da mellora da calidade do sistema educativo de Galicia co fin de afrontar os retos de futuro no eido da investigación e a cualificación profesional.

Trátase da posta en marcha dun centro de referencia que permitirá identificar necesidades, analizar e deseñar metodoloxías innovadoras e realizar estudos sobre espazos e equipamentos e organización de aula co fin de implementar melloras aplicadas ao proceso de ensino-aprendizaxe.

O Centro de Innovación Educativa e Dixital contará cun director e un secretario e disporá de diferentes departamentos asociados ás áreas de traballo establecidas, con persoal asesor especializado para cada unha delas. A súa sede física será no Edificio Fontán da Cidade da Cultura.

#### **Calidade, eficiencia e equidade no ensino**

Entre os seus obxectivos estratéxicos están fomentar o desenvolvemento dun ecosistema de educación dixital, proporcionando tecnoloxías fiables, adecuadas e actualizadas, enfocadas á mellora da calidade, a eficiencia e a equidade do ensino. Outro dos retos é contribuir á mellora de habilidades e competencias dixitais do profesorado e do alumnado para acadar a transformación dixital dos centros educativos, así como ao desenvolvemento da profesión docente mediante a transferencia do coñecemento derivado de evidencias científicas e investigacións contrastadas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se traballará na construción de coñecemento que sirva de soporte e ancoraxe ás políticas en materia de educación dixital, na pilotaxe para a implantación de novos recursos e metodoloxías innovadoras e na experimentación en novos espazos educativos.

Paralelamente afondarase en accións para favorecer a inclusión educativa do alumnado mediante a selección e avaliación de recursos educativos baseados no deseño universal da aprendizaxe, e na colaboración coa rede de formación do profesorado a través da formación específica de formadores.

O centro organizarase en tres áreas de traballo que son a investigación, desenvolvemento e innovación, a transferencia de coñecemento e a internacionalización e a transformación dixital e STEM (Ciencia, Matemáticas e Tecnoloxía).

### **Investigación, desenvolvemento e innovación**

No eido da investigación, desenvolvemento e innovación, os equipos de traballo especializados ofrecerán apoio á investigación educativa en colaboración cos centros educativos, coa Administración autonómica, as universidades e equipos de investigación e entidades nacionais e internacionais.

Así pois, traballarase na potenciación, deseño e acompañamento no desenvolvemento de recursos, estratexias, actividades, tarefas e métodos de sólida base científica e con contraste real nos centros educativos. A partir de aí, partirán propostas educativas innovadoras para levar a cabo na práctica docente.

### **Transferencia de coñecemento e internacionalización**

Nesta área procederase a deseñar e implementar modelos, procedementos e recursos para a transferencia de coñecemento educativo, tanto de coñecemento propio da competencia profesional docente como sobre o propio sistema educativo.

Un dos aspectos destacados é a creación de redes de desenvolvemento profesional educativo, tanto no que corresponde a aspectos didácticos como organizativos de xestión de orientación persoal, educativa e vocacional.

### **Transformación dixital e STEM**

Nesta terceira área vaise impulsar, en colaboración con outras entidades, o deseño da transformación dixital en centros educativos a diferentes niveis e en ámbitos hardware e software, dentro dos marcos normativos, éticos e de seguridade e privacidade.

Así mesmo, favorecerase o desenvolvemento de metodoloxías que contribúan á participación e exercicio da cidadanía responsable e a educación STEM, transversal a todos os eidos e materias, con especial atención á apertura á comunidade.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA CASE 8 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAR AS PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DE AO REDOR DE 37.000 GALEGOS**

Apróbase un complemento para os beneficiarios de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, para as persoas anciáns e enfermas con incapacidade e para aquelas con discapacidade que perciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos

O Consello da Xunta aprobou hoxe un complemento autonómico para ao redor de 37.000 persoas que perciben unha pensión non contributiva na nosa Comunidade. O Goberno galego destina case 8 millóns de euros a esta axuda social extraordinaria, que consiste nun pago único de 206 euros.

Os beneficiarios deste complemento serán pensionistas de xubilación e invalidez nas súas modalidades non contributivas, persoas anciáns e enfermas con incapacidade para o traballo beneficiarias de axudas periódicas e persoas con discapacidade que reciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos. O ingreso desta axuda realizarase de oficio antes de que remate o ano a todos os beneficiarios que cumpran cos requisitos, sen necesidade de solicitala nin levar a cabo ningún trámite adicional.

Galicia é unha das poucas comunidades que concede de xeito ininterrompido durante os últimos anos esta axuda extraordinaria que non é obrigatoria, pois son os propios executivos autonómicos os que deciden mantela. Ademais, a Xunta incrementará o importe deste complemento un 5 % o vindeiro ano, tal e como consta no proxecto de lei de orzamentos para 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COLABORA NA DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO AO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE PONTE CARREIRA, EN FRADES, CUNHA ACHEGA DE 32.000 EUROS

- O Consello aprobou o proxecto de acordo polo que se autoriza a formalización dun convenio entre a Administración autonómica e a local
- O investimento do Goberno galego representa o 80 % do custo do mobiliario, que ascende a case 40.000 euros

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo para a formalización dun convenio entre a Administración autonómica e o Concello de Frades para a adquisición de mobiliario destinado ao novo centro sociocomunitario de Ponte Carreira. O Goberno galego realizará unha achega de 32.000 euros, o que representa o 80 % do custo total do equipamento, de case 40.000 euros.

A través desta iniciativa, dotaranse as diferentes estancias do centro sociocomunitario dos elementos precisos para desenvolver as actividades previstas. Trátase dun local de nova construción que está completamente rematado, pero sen máis equipamento que o correspondente aos aseos. Ao abeiro do convenio adquirírase todo tipo de mobiliario e complementos para equipar a área de recepción, as salas de uso múltiple, a cociña, o almacén e un despacho. A achega da Xunta realizarase en dúas anualidades, a primeira neste ano e outra en 2023.

O convenio enmárcase no apoio do Goberno galego ás administracións locais a prol da mellora dos servizos e das infraestruturas municipais, en especial no caso dos concellos máis pequenos do rural galego. Trátase así de garantir o equilibrio no territorio, entre o medio rural e o urbano, o interior e a costa, para impulsar o desenvolvemento económico e que a cidadanía teña unhas óptimas condicións de vida con independencia do seu lugar de residencia.

A sinatura destes acordos permite ademais complementar as liñas de axudas postas en marcha pola Xunta para os concellos, como a orde de infraestruturas de uso público ou o Fondo de Compensación Ambiental, dúas medidas que se consolidan nos orzamentos de 2023 cun investimento de 3,5 e 11,3 millóns de euros, respectivamente. Cómpre sinalar que, a maiores, o vindeiro ano se porá en marcha unha liña de apoio á eficiencia enerxética, dotada con 2,6 M€.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DAS NOVAS SENDAS NAS ESTRADAS PO-302 E PO-306 EN VILANOVA DE AROUSA, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE CASE 1,3 M €**

- O Executivo autonómico autoriza as expropiacións para construír un itinerario peonil continuo na marxe dereita destas dúas vías autonómicas, na contorna do núcleo urbano do municipio
- Na PO-302 habilitarase unha senda de 1.100 metros e na PO-306 o itinerario transcorrerá ao longo de 270 metros
- Demolerán as beirarrúas e executaranse unhas novas en todo o tramo da PO-302 que transcorre polo núcleo urbano
- As obras inclúen a execución da rede de pluviais, saneamento e abastecemento, ademais da renovación da iluminación na PO-302
- A previsión é licitar as obras e convocar os actos expropiatorios no primeiro trimestre de 2023, para iniciar os traballos tamén no vindeiro ano
- Esta intervención da Xunta engádese aos itinerarios rematados no marco do Plan de sendas do Salnés, cun investimento de 12 M€ e máis de 21 km de itinerarios

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de execución das novas sendas nas estradas autonómicas PO-302 e PO-306, no concello de Vilanova de Arousa.

O investimento que o Goberno galego destinará a estes novos itinerarios de uso peonil roldará os 1,3 millóns de euros, e inclúe o pagamento dos 41 predios necesarios para impulsar estas obras.

Mediante esta nova actuación, a Xunta busca habilitar un itinerario peonil continuo na marxe dereita das estradas PO-302 e PO-306, na contorna do núcleo urbano de Vilanova de Arousa.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego leva tamén aparelada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta intervención no municipio.

Máis en concreto, executarase un itinerario dunha lonxitude de 1.100 metros na estrada PO-302 e unha senda de 270 metros na estrada PO-306, que discorrerá entre os puntos quilométricos 0 e 1+100 no caso da primeira, e entre o quilómetro 0 e o 0+270 na segunda.

O itinerario contará cunha anchura mínima de 2,20 metros e estará separado da estrada por medio dun bordo de formigón e dun separador vexetal nas zonas onde se proxecten aparcadoiros en batería.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No proxecto deseñado polo Departamento de Infraestruturas da Xunta inclúese, tamén, a demolición das beirarrúas existentes e a execución dunhas novas cun pavimento enlousado de granito en todo o tramo da estrada PO-302, que transcorre polo medio do núcleo urbano de Vilanova de Arousa.


Ademais, construíranse os tramos que faltan na actualidade da rede de pluviais, saneamento e abastecemento na estrada PO-302, e unha rede de pluviais na PO-306. Renovarase o alumeadado na PO-302, concretamente substituíndo as luminarias existentes que se atopan deterioradas por unhas acordes á contorna do ámbito de actuación.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras e convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no primeiro trimestre de 2023, co obxectivo de iniciar os traballos tamén no vindeiro ano. A actuación ten un prazo de execución de 8 meses.

Esta actuación do Goberno galego engádesa ás xa rematadas no marco do Plan de sendas na bisbarra do Salnés, que supuxeron un orzamento de máis de 12 M€ para acadar máis de 21 km lineais de itinerarios peonís.

Na actualidade, a Xunta tamén ten en marcha a execución das obras de construción dunha senda e de reparación de beirarrúas na PO-549 entre os concellos de Vilanova e de Vilagarcía de Arousa, cun investimento de 1 M€ para poñer á disposición dos veciños un novo itinerario de 1,6 quilómetros que lle dean continuidade ás sendas executadas nesa mesma estrada.

Plano de planta da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA AVANZA QUE A XUNTA CONVOCARÁ EN XANEIRO UNHA NOVA ORDE DE AXUDAS AO ALUGUEIRO PARA CUBRIR A METADE DA RENDA MENSUAL DE FAMILIAS CON BAIXOS INGRESOS**

- Resalta que a previsión é conceder un mínimo de 4.000 axudas no marco da convocatoria á que a Xunta vai destinar 13,7 millóns de euros
- Destaca como principais novidades que se “amplía de 3 a 5 anos” o período durante o cal se poderán percibir estas subvencións, incluídas as prórrogas, e que “se incrementa nun 50 % a súa contía máxima”, que con carácter xeral chegará ata os 300 €
- Nas sete cidades o importe do arrendamento non poderá superar os 600 € ao mes, nas vilas de tamaño medio e concellos periurbanos o límite quedará fixado en 500 € e no resto de municipios o contrato será de, como moito, 400 € mensuais
- O prezo do alugueiro poderá aumentar nun 20 % no caso de familias numerosas ou unidades de convivencia en que algún membro necesite unha vivenda adaptada

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou hoxe que o Goberno galego convocará a comezos de xaneiro, por un importe total de 13,75 millóns de euros, unha nova orde de axudas ao alugueiro destinada a persoas e familias con baixos ingresos. “Redobramos o noso compromiso para seguir apoiando ás familias que máis o necesitan no pago do alugueiro”, indicou.

Rueda resaltou que, con esta nova liña de axudas, o obxectivo é conceder un mínimo de 4.000 axudas a familias con rendas baixas coas que a Xunta vai financiar o 50% da renda mensual que figure no seu contrato de arrendamento durante un mínimo dun ano, con posibilidade de prorrogarse outros catro.

O Consello autorizou hoxe a resolución pola que se fixan as bases reguladoras e os requisitos que terán que cumprir as persoas interesadas nestas subvencións, que se enmarcan no pacto social pola vivenda.

Entre as principais novidades do novo programa de axudas, Rueda subliñou a duración máxima da concesión, que “pasará de tres a cinco anos”, e o incremento “nun 50% da contía máxima das achegas” xa que a partir de agora, e con carácter xeral, poderá ser de ata 300 euros ao mes, é dicir, un 50 % máis que as axudas anteriores, limitadas a, como máximo, 200 euros. O presidente da Xunta incidiu nas novas dunha convocatoria que “sube a contía máxima das axudas” e que tamén “incrementa a duración”.

Neste sentido, cómpre precisar que o importe das axudas non será o mesmo en todos os casos. Os beneficiarios terán dereito a unha subvención equivalente ao 50 % da renda

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mensual que figure nos seus contratos sempre que esta non supere as contías máximas establecidas na convocatoria en función da área xeográfica en que se localice a vivenda.

Así, no caso das sete cidades—A Coruña, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo— o importe do arrendamento non poderá superar os 600 euros ao mes; nas vilas, concellos de tamaño medio e periurbanos o límite quedará fixado en 500 euros; e no resto de municipios, a renda mensual de alugueiro será de, como moito, 400 euros.

En calquera caso, todas estas contías —tanto o importe da renda de alugueiro como a propia axuda da Xunta— poderán incrementarse nun 20 % en determinados supostos co fin de adaptarse ás características especiais e ás necesidades específicas dos inquilinos, como no caso de que estes formen parte dunha familia numerosa ou dunha unidade de convivencia en que algún dos seus membros necesite unha vivenda adaptada.

Á hora de calcular o importe das axudas excluíranse os posibles gastos de comunidade e outros pagos en concepto de anexos, como poden ser garaxes ou rochos. Ademais, a contía concedida inicialmente non poderá ser incrementada, aínda que a renda do alugueiro aumente ao longo da duración do contrato.

Os beneficiarios deberán ser titulares do contrato de arrendamento, acreditar que se trata da súa vivenda habitual e permanente e xustificar mensualmente o pago. En canto aos requisitos económicos, as rendas anuais de todos os membros da unidade de convivencia terán que ser iguais ou inferiores a 3 veces o IPREM (24.318,84 euros) e tampouco poderán estar por debaixo de 0,5 veces o IPREM (4.053,14 euros). Así mesmo, no caso de familias numerosas, vítimas de terrorismo ou núcleos en que haxa algunha persoa con discapacidade estes límites poderanse incrementar ata 5 veces o IPREM.

Tras recibir esta mañá a aprobación do Consello, as axudas ao alugueiro poderán solicitarse entre o 2 de xaneiro e o 5 de maio de 2023 ou ata esgotar o crédito dispoñible.

### **Outros programas de apoio ao alugueiro**

Esta nova convocatoria do programa de axudas ao alugueiro enmárcase nas políticas que impulsa o Goberno galego desde hai anos para facilitar o mantemento do seu fogar a colectivos vulnerables ou con poucos recursos económicos, como é o caso dos menores de 36 anos, unha das franxas de idade con máis dificultades para emanciparse.

En concreto, este ano convocouse por primeira vez o Bono alugueiro mocidade, unha axuda de 250 euros ao mes para apoiar aos menores de 36 anos no pago da súa residencia habitual e da que xa hai máis de 1.500 beneficiarios despois de que Galicia fose unha das comunidades máis áxiles en convocar estas axudas, o pasado 30 de xuño.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na mesma liña, o Instituto Galego da Vivenda e Solo convocou este verán o Bono de alugueiro social, unha prestación dirixida a facilitar o pago da vivenda habitual a determinados colectivos desfavorecidos a través dunha axuda equivalente ao 100 % da renda de alugueiro e coa que a Xunta apoia nestes momentos a preto de 900 familias vulnerables.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INXECTA 9M€ NA INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA PARA O FINANCIAMENTO DOS CENTROS E A CONSOLIDACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS

- Destínanse 5M€ para garantir o funcionamento dos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia (CIGUS) ata o lanzamento da nova convocatoria
- Subscríbese un novo acordo, por 4 M€, para diversos gastos e pequeno equipamento dos servizos de investigación universitarios

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á inxección de case 9 M€ na investigación universitaria. En concreto, asinarase un acordo de colaboración por importe de case 5M€ coas tres universidades para o financiamento dos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia (CIGUS) que lles permita manter a súa actividade investigadora ata o lanzamento da nova convocatoria de axudas para o seu funcionamento, que se realizará ao longo de 2023. Por outra banda, subscribirase un novo acordo, por 4M€, para diversos gastos e pequeno equipamento das estruturas de investigación universitarias.

No caso do primeiro dos convenios, beneficiará aos oito centros acreditados, isto é, na Universidade de Santiago de Compostela o Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS), o Centro de Investigación en Medicina Molecular (CIMUS), o Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS) e o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE); na Universidade da Coruña o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) e na Universidade de Vigo o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicacións (atlantTic), o Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e o Centro de Investigacións Mariñas (CIM).

En liñas xerais, cada un deles percibirá unha contía similar á que viña recibindo anualmente, pero calculada para 10 meses, ata o momento en que se publique a nova convocatoria de axudas e tendo en conta a avaliación cualitativa do seu funcionamento actual. No período 2016-2022 estes centros percibiron arredor de 30 M€ (13 M€ na primeira convocatoria de acreditación destes centros e outros case 18 M€ da segunda convocatoria de 2019) ao abeiro da primeira convocatoria de axudas que o Goberno galego destinou de forma específica ao seu funcionamento.

#### **Gastos de funcionamento e equipamento**

O segundo dos acordos autorizado hoxe céntrase no financiamento do funcionamento dos servizos e as infraestruturas científico-tecnolóxicas das universidades. Isto abrangue tanto a contratación de persoal como diversos gastos (electricidade, seguridades, mantemento...), compra de pequeno equipamento inventariable, licenzas e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

renovacións de licenzas de software ou a adquisición de material funxible e consumibles en xeral.

Serán case 4 M€, distribuídos en función do persoal docente investigador total por universidade, o que supón 1,6 M€ para a Universidade de Santiago de Compostela, 1,1 M€ para a da Coruña e 1,2 M€ para a de Vigo. As accións deste convenio facilitan o desenvolvemento de capacidades e servizos para a xestión do coñecemento científico e a valorización e proxección económica das actividades e resultados de investigación, así como a consolidación, dotación e mantemento das infraestruturas e servizos científico-tecnolóxicos das universidades galegas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A FUTURA LEI DE CULTURA INCLUSIVA E ACCESIBLE DE GALICIA PROMOVERÁ A RESERVA DE PRAZAS CON DESCONTOS E GRATUIDADE PARA PERSOAS EN RISCO EXCLUSIÓN SOCIAL**

- O Consello da Xunta analiza o texto do anteproxecto desta lei pioneira que será remitido aos órganos consultivos para a emisión de informes e exposición pública
- Está composto por 19 artigos, unha disposición derogatoria única e dúas derradeiras que constatan a intención de abarcar a vertente creativa e tamén a de consumo
- A norma inclúe a creación dun Observatorio que asesore, elabore estudos e faga seguimento da norma para acadar a participación activa na cultura sen barreiras
- Proponse a elaboración de Plan de Accesibilidade e outro de Inclusión para detallar a situación de partida e as melloras a realizar
- Promoveranse liñas de estímulo á creación que teñan en conto a diversidade social e o territorio de Galicia, apostarase pola cultura rural e por eliminar a fenda dixital

O Consello da Xunta analizou hoxe o texto do anteproxecto da futura Lei de Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia, que será remitido aos órganos consultivos para a emisión dos informes preceptivos e exposición pública. O anteproxecto inclúe, entre as súas medidas, promover a reserva de prazas con descontos e gratuidade para persoas en risco de exclusión social, a elaboración de plans de accesibilidade e inclusión e a creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia para asesorar e facer seguimento do cumprimento da norma. Preténdese fomentar a participación e acceso á cultura a todo tipo de persoas e colectivos sociais, independentemente da súa idade, situación socioeconómica ou lugar no que vivan.

En concreto, o texto no que se traballa está composto por un total de 19 artigos, unha disposición derogatoria única e dúas disposicións derradeiras. En todos eles, a lei deixa clara a súa intención de abarcar as dúas direccións de relación das persoas coa cultura, tanto a vertente creativa e xeradora de produtos e servizos culturais como a vertente de acceso e consumo aos mesmos. Igualmente, estende a súa aplicación a calquera tipo de formato ou manifestación cultural.

Ao longo do seu articulado, queda patente a aposta por incluír a todas as persoas con ferramentas no ámbito da colaboración e da cooperación, da difusión, da sensibilización, da formación ou do fomento. Entre as distintas iniciativas se inclúe que, no caso das actividades culturais de pago, as entidades organizadoras reserven prazas con descontos e con gratuidade para determinados colectivos en risco de exclusión por motivos socioeconómicos. Tamén se prevé a creación dun Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia, que dependerá da Consellería de Cultura, coa participación doutras entidades e administracións públicas. A súa misión será observar e facer seguimento do cumprimento da norma, así como avaliar e asesorar, elaborar

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estudos e informes, así como emitir propostas de actuación en materia de inclusión e accesibilidade.

A norma inclúe tamén que os axentes culturais responsables dos equipamentos, das programacións e do resto de tipoloxías de actividades culturais que se desenvolven en Galicia, incluídas as administracións públicas, velen pola elaboración dun plan de accesibilidade no que se detalle a situación de partida e as melloras que cómpre realizar, así como un plan de inclusión coas accións necesarias para integrar a todos os públicos.

Apostarase por fomentar a creación cultural en todo tipo de persoas e colectivos sociais. Para iso promoveranse liñas de estímulo á creación que teñan en conta a diversidade social e o territorio de Galicia. Ademais, apostarase pola cultura rural tendo en conta a estrutura territorial de Galicia á hora de planificar as programacións culturais. Preténdese a visibilidade do talento e da creatividade que leven a cabo os colectivos como por exemplo, o da discapacidade, se faga baixo o principio básico da normalización e sen estereotipos, co propósito de que a súa inclusión social e cultural sexa realmente efectiva.

A experiencia e o coñecemento das entidades que representan aos colectivos con maiores dificultades de inclusión social son claves na execución desta lei por iso prevese a súa participación e colaboración, mesmo no ámbito formativo das Administracións públicas, para integrar medidas e solucións ás necesidades das persoas.

### **Participación e incorporación de achegas**

Esta normativa é unha lei pioneira en España e no resto de Europa xa que a maioría das normas aprobadas en materia de accesibilidade e inclusión non teñen rango de lei e están orientadas desde unha perspectiva eminentemente social. Así, no ámbito específico da cultura, a Xunta de Galicia consideraba oportuno e necesario deseñar unha norma e elevala a rango de lei.

O paso dado hoxe no Consello da Xunta dá continuidade aos traballos levados a cabo polo Goberno autonómico no deseño desta normativa. De feito, nos últimos meses celebráronse contactos con distintos colectivos, con preto dunha decena de reunións con medio cento de entidades como primeiras tomas de contacto. Ademais, en setembro comezouse coa tramitación, coa apertura do trámite de consulta previa onde se recibiron un total de 11 achegas que foron atendidas para crear unha normativa que achegue a cultura a todas as persoas e sen barreiras. Agora tras analizar o texto do anteproxecto, será sometido a exposición pública e enviado a distintos organismos para solicitar os informes preceptivos e continuar así coa súa tramitación antes da súa aprobación final para debate e aprobación no Parlamento.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No marco nesta lei, a Xunta xa está avanzando na accesibilidade da cultura a través de varias iniciativas. A máis recente, o sistema pioneiro de teatro inclusivo posto en marcha polo Centro Dramático Galego que permite dispoñer en todas as funcións de interpretación en lingua de signos, subtítulos e audiodescrición, que se suma ás sesións descontractadas, con condicións de son e luz especiais para persoas con pouca tolerancia a espazos pechados, aos ruídos ou á escuridade, entre outras accións. Unha iniciativa que vén de ser premiada pola ONCE co premio do IV Festival Valacar. A esta iniciativa súmanse propostas como Galiverso, que emprega as tecnoloxías inmersivas e de realidade virtual para amosar o patrimonio material e inmaterial desde a Cidade da Cultura que pode ser empregado por persoas con discapacidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DE GALICIA APROBA AS BASES DE CARREIRA PROFESIONAL PARA TODO O PERSOAL DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE

- Con este acordo implántase por primeira vez a carreira profesional para todo o persoal fixo e temporal
- Preto de 30.000 profesionais terán carreira profesional en Xaneiro de 2023, deles 8.000 profesionais con vínculo temporal
- En xaneiro do ano 2024 o número de profesionais con acceso a carreira profesional será de 36.000

A Xunta de Galicia ven de aprobar as bases de carreira profesional, no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade e a dito organismo, logo do acordo unánime acadado polo Sergas e os sindicatos de mesa sectorial (CIG, CCOO, CSIF, SATSE e UGT).

En virtude do acordo, poderán concorrer á carreira profesional os profesionais de todas as categorías que están a traballar no Sergas -persoal médico, de enfermería, técnicos en coidados auxiliares de enfermería, persoal de administración, de oficios e celadores-tanto de Atención Primaria como de especializada e entidades adscritas como ADOS, ACIS, FP 061, Galaria e INGO.

O recoñecemento de un grao, unha vez superada a avaliación, leva consigo un complemento retributivo que supón un incremento medio do 6% das retribucións do cal se poderán beneficiar no ano 2023 preto de 9.000 profesionais que están a traballar con vínculo temporal nas institucións sanitarias.

O acordo foi consignado nos orzamentos de 2023 con un importe de 14.323.879 millóns de euros. Os custos no ano 2024 serán de 17.471.748 €, e no ano 2025 de 4.434.2781 €.

A carreira ordinaria se estrutura nun grao inicial e catro graos. Ao grao inicial poderá acceder todo o persoal con vínculo activo no momento da súa primeira vinculación no Servizo Galego Saúde e entidades adscritas con opción aberta no seu expediente profesional no apartado de carreira profesional.

O ciclo completo de catro graos para persoal licenciado sanitario é de 22 anos, o que sitúa a Galicia por debaixo de outras comunidades autónomas como País Vasco que sitúa en 25. Para o resto de colectivos (persoal sanitario e persoal de xestión e servizos) prevese un período de 24 anos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os graos I a IV serán iniciados mediante convocatoria que se publicará no Diario Oficial de Galicia. Cada convocatoria determinará o prazo para poder presentar as solicitudes, requisitos e baremo aplicable.

### **Sistema transitorio de encadramento**

O Acordo establece tres medidas excepcionais de encadramento para o persoal temporal con máis antigüidade:

1ª Un encadramento excepcional inmediato no grao I, semellante ao establecido no ano 2018 para o persoal fixo, dirixido ao persoal con 5 anos de servizos prestados no ano 2018. Ao que poderá optar todo o persoal con vínculo nos prazos determinados na convocatoria.

Esta medida beneficiará a máis de 8.000 profesionais, que a partir do mes de xaneiro de 2023 comezarán a cobrar un complemento retributivo que representará unha suba media do 6% nos salarios anuais.

2ª. Outro encadramento excepcional (no grao II), a convocar no próximo ano 2023, para o persoal que traballou no sistema público de saúde antes do ano 2012.

Esta medida beneficiará a máis de 5.000 profesionais, que desta forma poderán obter o recoñecemento dun segundo grado, con efectos económicos a partir do ano 2024. Xa que logo, acadarían dous graos en dous anos.

3ª. Efectos retroactivos, ata o ano 2018, do grao inicial do persoal temporal en activo nese ano e seguintes.

Esta medida beneficia a outras 8.000 persoas, que desde o ano 2024 poderían ter recoñecido o grao I de carreira profesional.

TodaS estas melloras retributivas alcanzarán ao conxunto de categorías profesionais. Entre elas, o persoal médico beneficiarase dunha suba salarial anual de máis de 3.200 euros, e o persoal de enfermería de máis 2.000 euros.

As bases de carreira profesional tamén recollen os baremos adaptados as características de cada colectivo profesional, profesión ou categoría, así como o número de puntos necesarios para acceder aos sucesivos graos e puntuación mínima e máxima establecida así como tamén a composición das comisións de avaliación.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Enténdese por carreira profesional, o dereito dos profesionais a progresar de maneira individualizada como recoñecemento ao seu desenvolvemento profesional en canto a coñecementos, formación, experiencia, investigación, docencia e outros aspectos relevantes como as súas habilidades e compromiso coa organización.

O obxectivo do sistema de carreira e recoñecer e distinguir aos profesionais outorgando un recoñecemento obxectivo a súa competencia profesional, xerar máis corresponsabilidade e fomentar unha cultura de compromiso co sistema sanitario público, promovendo a actualización dos seus coñecementos e competencias e mellora da súa cualificación. Entre o seus obxectivos se atopa o lograr un maior grao de motivación dos profesionais.

Co acordo de hoxe, o Goberno segue fiel ao seu compromiso de traballar por unha sanidade pública de calidade e pola mellora das condicións laborais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONTRATA 36 PRAZAS PÚBLICAS EN RESIDENCIA NOS CONCELLOS DE MUÍÑOS E RIBEIRA**

Este acordo, que permite incrementar as prazas públicas, conta cun investimento global de 4,7 millóns de euros

O Consello da Xunta de Galicia informou hoxe da contratación de 36 novas prazas públicas en residencia nos concellos de Muíños e Ribeira, que se licitarán por un período inicial de dous anos, prorrogables ata un máximo de cinco. O investimento, sumando prórrogas, ascenderá a 4,7 millóns de euros.

Este novo acordo permitirá financiar este servizo nestes concellos da provincia de Ourense e da Coruña. O Goberno galego busca garantir que as persoas maiores poidan recibir atención de calidade vivan onde vivan. Neste sentido, estas prazas permitirán responder ao envellecemento da poboación das zonas menos poboadas e ás características territoriais da nosa Comunidade.

A Xunta ten entre os seus eixos prioritarios de acción a atención ás persoas de máis idade. Por iso, desde o 2009 Galicia triplicou a oferta de prazas sostidas con fondos públicos en residencias de maiores, ao pasar de 5000 a máis de 14.000.

Ademais de incrementar as prazas en centros residenciais, o Goberno galego aposta por iniciativas de proximidade que permiten que as persoas de máis idade permanezan na contorna. Así, desde a Administración autonómica estanse a impulsar medidas como a teleasistencia, o programa de coidados porta a porta ou o xantar na casa.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA PRORROGA O CONVENIO DE PROTECCIÓN DAS ALDEAS ATA FINAIS DE 2023 CUN ORZAMENTO ADICIONAL DE 13,5 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello da Xunta acordou na súa xuntanza semanal aprobar esta prórroga dados os bos resultados obtidos ata o momento, xa que a superficie xestionada nas faixas secundarias pasou de representar a metade do total en 2019 a superar o 70% neste ano 2022
- Coa aprobación desta quinta addenda, os concellos piloto poderán levar a cabo actuacións subsidiarias sen límite de superficie en todo o seu territorio
- A día de hoxe, están adheridos un total de 276 concellos, é dicir, o 88% dos municipios totais de Galicia
- Foron entregados 273 plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais a outros tantos concellos e, deste total, 202 xa están aprobados definitivamente en sede municipal
- Ademais, no proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña aos orzamentos de 2023, que previsiblemente entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro do ano 2023, mellórase substancialmente o procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas

O Consello da Xunta acordou prorrogar un ano máis o convenio de protección das aldeas, suscrito entre a Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a empresa pública Servicios Agrarios de Galicia (Seaga) en materia de prevención e defensa contra incendios. Así, a través dunha addenda dótase esta prórroga cun orzamento adicional de 13,5 millóns de euros, dos cales 1,25 M€ de fondos propios da Consellería serán para rematar as actuacións neste ano 2022 e 12,25 M€ para as de 2023 (7,75 M€ por parte da Consellería e 4,5 M€ por parte do Fondo de Cooperación Local) para poder levar a cabo as actuacións no marco do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Neste senso, cabe lembrar que a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece o procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas e indica que son as persoas propietarias as que teñen a obriga de manter xestionadas as franxas secundarias e, de non ser así, será o organismo municipal o que proceda á súa execución de forma subsidiaria.

Conscientes da situación e das dificultades que teñen os concellos para facer cumprir dita norma, a Xunta estableceu un sistema público de xestión, onde os particulares con parcelas en parroquias priorizadas que se adhiran a un contrato de xestión de biomasa aboarán unha tarifa bonificada de 350 euros por hectárea para a xestión da biomasa nos seus terreos. A día de hoxe están adheridos a este convenio de protección das aldeas un

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

total de 276 concellos (o que representa o 88% dos municipios totais), o que evidencia a boa acollida deste convenio entre as entidades locais.

De feito, en canto á xestión da biomasa, entre 2021 e 2022 a Xunta inspeccionou un total de 84.113,60 hectáreas de 1.231.014 parcelas. Ademais, no relativo á superficie xestionada –polos seus propietarios ou de xeito subsidiario por Seaga– pasou de representar a metade do total en 2019 a superar o 70% neste 2022. Ademais, os propietarios das parcelas xestionadas están sendo obxecto da correspondente notificación, advertíndolles da repercusión do custo e da imposición da correspondente sanción por dito incumprimento. Desde 2021, lévanse xerado un total de 197.697 notificacións e 181.679 referencias catastrais publicadas.

Por outra banda, entre as vantaxes deste acordo está a redacción do plan municipal antiincendios por parte da Administración galega, un plan que esixe a Lei de prevención e que ata o de agora practicamente ningún concello tiña. Nesta liña, cabe indicar que xa foron entregados por parte do Goberno galego 273 plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais a outros tantos concellos que non contaban nese momento con este instrumento de planificación. E deste total, 202 xa están aprobados definitivamente en sede municipal.

Por último, a través deste convenio ata agora tamén se posibilitaba aos concellos adheridos levar a cabo actuacións subsidiarias ata un máximo de 10 hectáreas de superficie por concello e ano. Porén, con esta quinta addenda ao convenio, esta limitación eliminarase no caso daqueles concellos seleccionados pola Comisión de seguimento como concello piloto, onde –respectando a dispoñibilidade orzamentaria– poderá actuarse subsidiariamente na totalidade do concello. Ata o de agora, os concellos pilotos eran os das Nogais, Monterrei, Cualedro, Lobios, Carnota, Gondomar e A Gudiña.

### **Modificación Lei de medidas**

Ademais, no proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña aos orzamentos de 2023, que previsiblemente entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro do ano 2023, mellórase substancialmente o procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas.

Neste senso, remarcause que a obriga de xestión de biomasa é durante todo o ano, aínda que desde finais de maio se intensifican os controis e, desde principios de abril, para aqueles que incumpriron nos últimos catro anos as súas obrigacións de xestión. É dicir, que o apercibimento é válido por catro anos, establecéndose a posibilidade de imposición de multas coercitivas, alternativamente ao procedemento de execución subsidiaria. Ademais, con esta modificación na Lei de Medidas, soluciónase tamén o problema do cobro dos custos da execución subsidiaria, xa que ata o momento non se

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

podía recadar pola Administración autonómica, por corresponder a unha competencia municipal.

Porén, prevese que no marco do novo convenio de protección das aldeas, a Xunta poida exercer certas funcións (como ordenar a execución subsidiaria, notificar a liquidación e recadar os custos nos que incorreu) para un mellor desenvolvemento das actuacións que recolle dito acordo.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 25-N: DÍA INTERNACIONAL  
PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER**

**Declaración do 25-N aprobada por primeira vez no pleno do Observatorio galego contra a violencia de xénero, en colaboración con todas as institucións e entidades que forman parte do mesmo, para ratificar que a loita contra a violencia de xénero é un asunto que nos implica a todos.**

---

A violencia contra as mulleres constitúe a expresión máis crúa das iniquidades das que o ser humano aínda pode ser testemuña. Levada ao extremo, supón unha manifestación de máxima agresividade que transgrede principios consagrados como o dereito á vida, á liberdade e á seguridade das persoas. A violencia de xénero só pode admitir a repulsa como resposta, tanto por parte dos poderes públicos como da sociedade que, en conxunción, deben avanzar con paso firme polo camiño da igualdade.

Datas como a de hoxe lémbrennos que poñer fin á violencia contra as mulleres e as súas fillas e fillos, así como aos seus familiares máis achegados, é un obxectivo irrenunciable e prioritario. A Xunta de Galicia, por medio do Observatorio galego da Violencia de Xénero, seguimos na acción de loita contra este problema e queremos animar a todas as galegas e galegos a tomar conciencia pública co único obxectivo de acadar unha sociedade libre de violencia.

Non podemos esquecer ás vítimas da violencia de xénero e ás súas fillas e fillos, ás que asasinaron de xeito inxusto e ás que están a atravesar situacións inimaxinables. Vaia este recordo tamén para as familias, amizades, veciñas e veciños que están cerca delas. Acompañalas para saír da violencia é un xesto que vos enriquece como seres humanos. Queremos honrar en especial a memoria de Clotilde, viguesa de nacemento criada no Berbés que morreu asasinada en Tenerife o pasado maio. Unha vida máis arrebatada que nos deixa conmoción e baleiro.

Galicia desenvolve efectivamente o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e conta cos instrumentos axeitados para facerlle fronte á mesma, cun marco legal amplo que protexe a todas as vítimas -tamén ás afectadas por violencia vicaria ou dixital, pola explotación sexual, por agresións sexuais, ás orfas e orfos da violencia de xénero- e con axudas directas -máis de 1.000 concedidas cada ano- para que a dependencia económica do agresor non sexa un obstáculo para rachar co perigo e poder vivir en plenitude e liberdade.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A comunidade alumeará en breve unha nova Lei Galega de Igualdade que seguirá a facer da loita contra a violencia e a discriminación da muller a súa bandeira. Permitirá visibilizar novas desigualdades e avanzar para erradicalas. Recoñecerá a realidade das vítimas de discriminación múltiple e impulsará a protección das mulleres fronte a ataques sexistas a través de medios tecnolóxicos. Tamén promoverá programas municipais para crear espazos urbanos libres de violencia e acoso sexual e introducirá a idea do benestar laboral. O texto referenciará dereitos específicos para as mulleres do rural e do mar, o que permitirá que a resposta institucional ás súas necesidades sexa máis precisa e eficaz.

O acceso ou a reincorporación ao mercado laboral é clave tamén para que as vítimas acaden maior estabilidade persoal e social. Todas as administracións galegas, así como o tecido asociativo e empresarial do territorio, levamos anos impulsando e desenvolvendo colaborativamente políticas e actuacións para que estas mulleres poidan traballar. En Galicia contamos ademais con apoios á mobilidade das vítimas por motivos laborais para que o inicio dunha nova vida acompañada dun novo traballo, afastadas do foco da violencia, non supoña custos económicos engadidos.

Enfrontamos con forzas os desafíos desta loita e queremos reforzar a protección das mulleres novas, das de maior idade e das residentes en contornas rurais, das vítimas de discriminación múltiple e de agresións sexuais. Este 25-N queremos sentenciar unha vez máis que a única cifra admisible de vítimas da violencia de xénero é cero. E por acadala seguiremos a traballar con compromiso e sen renuncias.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA DESTINARÁ O PRÓXIMO ANO 5,6M€ Á MELLORA DOS PARQUES EMPRESARIAIS E Á CREACIÓN DE NOVOS VIVEIROS INDUSTRIAIS**

- A Xunta convocará en 2023 novas axudas por máis de 2 millóns de euros para que os concellos poidan impulsar a competitividade dos seus polígonos
- As axudas serán de concorrencia competitiva, tendo prioridade os concellos emprendedores, e terán unha intensidade do 80 % para mellora de iluminación, depuración de augas, xestión de residuos, infraestruturas viarias ou instalacións de seguridade, contraincendios e contra o roubo de cable, así como servizos de subministración de gas ou hidróxeno verde
- Estes apoios súmanse aos 3,5M€ dirixidos á posta en marcha de novos viveiros industriais e de reforzo nas redes de distribución eléctrica dos polígonos

O Consello da Xunta informou hoxe do compromiso do Goberno galego coa mellora dos parques empresariais da Comunidade que recibirán, en 2023, un total de 5,6 M€ para a mellora das súas infraestruturas, servizos, e para a creación de novos viveiros industriais.

Deste xeito, o Goberno galego ten previsto publicar en decembro a nova convocatoria de mellora de infraestruturas á cal destinará un total de 2,1 M€. Esta liña ten como obxectivo dar resposta ás novas necesidades que teñen estas instalacións co obxectivo de modernizalas e ofrecer un mellor servizo para favorecer a fixación e implantación de compañías, así como promover o emprego local.

Os apoios son de concorrencia competitiva e están dirixidos aos concellos galegos que queiran realizar melloras relativas á implantación de iluminación pública eficiente, plantas de depuración de auga, xestión de residuos, infraestruturas viarias, instalación de sistemas de seguridade, contraincendios e contra o roubo de cable, así como servizos centralizados de subministración de gas e hidróxeno verde.

As axudas terán unha intensidade do 80 % ata un límite máximo de 120.000 euros no caso de solicitudes individuais e de 138.000 no caso de que sexan conxuntas. Prevense, ademais, anticipos de ata o 25 % da axuda concedida.

Desde o ano 2016 -a falta do dato definitivo de 2022- xa se executaron máis de 17 M€ en apoios para a modernización e renovación de infraestruturas nos parques empresariais. Na selección de proxectos teranse en conta criterios como se é concello emprendedor.

Esta liña contribúe a apoiar os concellos galegos e pretende ser, ademais, un impulso para a captación de investimentos en Galicia, polo que, neste sentido, encaixa nas medidas que fomenta a Lei de implantación empresarial na que os concellos

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

empresarios teñen un papel fundamental á hora de colaborar co Goberno galego para chegar ás empresas beneficios fiscais, acceso ao solo e facilidades administrativas a cambio de contar con prioridade en ordes de axudas como estas.

Xunto con estas axudas, o Goberno galego seguirá executando en 2023 os apoios concedidos para a posta en marcha de sete viveiros industriais e para o reforzo e extensión das redes de distribución de tres polígonos, que contarán cun crédito de 3,5 M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA RESALTA QUE A FALTA DE AVANCES EN ESPAÑA NO IMPULSO DA CONEXIÓN FERROVIARIA VIGO-PORTO SUPORÁ UN RETRASO MÍNIMO DE 3 ANOS CON RESPECTO AO TREITO PORTUGUÉS**

- Calificou a conexión de alta velocidade como unha infraestrutura “imprescindible” e unha “oportunidade” para Galicia e Portugal
- Alerta de que para rematar as obras no territorio español ao mesmo tempo que na parte lusa hai trámites que tiñan que estar xa feitos “hai máis dun ano”
- A ausencia de progresos na execución da infraestrutura entre Vigo e a fronteira portuguesa en alta velocidade fai actualmente imposible aspirar á súa posta en servizo antes do 2033
- Estímase que o investimento para acometer as actuacións necesarias en territorio español é de aproximadamente 700 M€
- Considérase imprescindible licitar xa o estudo informativo e o inicio do trámite ambiental da saída sur de Vigo, primeiro treito da conexión na beira galega
- Demanda do Executivo español o pulo necesario para a tramitación deste proxecto, tras a oportunidade perdida no Cumio Ibérico de Viana do Castelo para concretar os plans de futuro para esta liña férrea

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que o Consello constatou na súa reunión anual que a falta de avances rexistrada nos trámites para impulsar a conexión ferroviaria entre Vigo e Porto suporá un retraso mínimo de 3 anos nas obras en España con respecto ás do treito portugués.

Rueda calificou de “imprescindible” e de “oportunidade” esta conexión de alta velocidade que permitirá “reducir os tempos da viaxe” -en concreto das 2 horas e 22 minutos actuais a só 55 minutos- e “achegar os territorios” que conforman a Eurorrexión Galiica-Norte de Portugal.

O Goberno galego avaliou hoxe un informe técnico sobre a situación da conexión en alta velocidade entre Vigo e Porto que revela que a planificación completa presentada recentemente polo Goberno portugués para o desenvolvemento da liña ferroviaria Lisboa-Porto-Vigo, acredita a necesidade urxente de contar cun compromiso equivalente por parte do Goberno de España para darlle continuidade ao Eixo Atlántico ata o norte de Portugal, promovendo a conexión do tren de alta velocidade entre Vigo e Porto.

“En setembro o Goberno de Portugal fixo pública unha planificación de obras para impulsar a conexión ferroviaria en alta velocidade con España a través da fachada atlántica coa liña Vigo-Porto-Lisboa”, lembrou Rueda, quen resaltou que a previsión do

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Goberno luso é comezar as obras dos treitos Lisboa-Porto e Porto-Valença “entre 2024 e 2026” para que no 2030 “esteá rematado o groso da infraestrutura”.

O informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta contrapón esta planificación co estado dos proxectos para estender en España a conexión ferroviaria do Eixo Atlántico ata a fronteira portuguesa. A conclusión é que, como consecuencia do retraso acumulado e “aínda que se acelerasen moito os trámites pendentes”, o treito portugués estará concluído, como mínimo, 3 anos antes que o treito galego.

O presidente da Xunta relatou todos os trámites que serían precisos xa ter en marcha desde hai un ano para poder cumprir co prazo de ter lista a parte española da conexión ferroviaria en 2030. Entre eles, destacou a “información pública inicial, a tramitación ambiental, a redacción dos proxectos ou a licitación das obras”. “Trámites fundamentais aos que habería que sumar despois a construción da infraestrutura, a montaxe da vía ou a electrificación e a homologación”, resaltou Rueda.

O presidente da Xunta recalcou que para poder ter rematada as obras en territorio español á vez que a previsión do Goberno portugués “o proxecto xa tería que estar sometido a exposición pública desde hai un ano”. Ademais, recalcou que habería que investir preto de 700 M€ na construción de dous treitos para prolongar o Eixo Atlántico que actualmente vai desde a Coruña a Vigo, ata a fronteira portuguesa. O primeiro, treito considerado prioritario pola Xunta, é a saída sur ferroviaria de Vigo, e o segundo a conexión entre O Porriño e a fronteira portuguesa.

Considerando que se trata dunha actuación estratéxica tanto para Galicia como para a conexión con Portugal, a Xunta elaborou un estudo técnico e económico que acredita a súa viabilidade e a súa elevada rendibilidade, poñendo os datos en coñecemento do Ministerio de Transportes e Mobilidade.

Porén, ese departamento do Goberno de España adxudicou en agosto de 2021 un novo estudo de alternativas sobre a saída sur de Vigo que no proxecto de orzamentos para 2023, cunha partida de 30.000 euros, mantén en estados moi previos ao inicio da tramitación oficial esta infraestrutura estratéxica: non conta co orzamento necesario para a redacción do estudo informativo nin para o estudo ambiental.

“A Xunta considera que é imprescindible licitar o estudo informativo e iniciar a tramitación ambiental para avanzar de forma efectiva cara á súa materialización”, indicou o presidente autonómico.

Ante esta situación de demora nos trámites para levar a cabo esta infraestrutura, desde o Goberno galego reclámase o necesario pulo a tramitación deste proxecto para que o retraso das infraestruturas en territorio galego non sexa aínda maior. Ademais, lamenta

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a oportunidade perdida do Cumio Ibérico celebrado a comezos de mes na localidade de Viana do Castelo polos gobernos de España e Portugal para concretar os plans de futuro sobre esta liña férrea.

Ademais das obras en cada lado da fronteira, tamén se solicita ao Goberno de España unha planificación igual que a da Administración Portuguesa.

### **Desenvolvemento da Eurorrexión**

Para o Goberno galego a conexión por alta velocidade entre e Galicia e o Norte de Portugal é unha infraestrutura fundamental tanto para Galicia como para o desenvolvemento da Eurorrexión. Trátase de conseguir que o tempo de viaxe entre Vigo e Porto pase das 2 h 20 minutos actuais aos 55 minutos, o que permitirá revolucionar a mobilidade na Eurorrexión e multiplicar a capacidade de competir xuntos ambos os territorios.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA A CREACIÓN DUNHA REDE DE PARQUES SEN FUME EN COLABORACIÓN COS CONCELLOS

- Os parques seleccionados para formar parte desta rede estarán sinalizados no seu acceso e neles prohibirase fumar. A súa elección responderá a unha responsabilidade individual
- A Xunta de Galicia suma outras actuacións dirixidas a promover unha vida sen tabaco, como a creación da Rede galega de praias sen fume, que se estendeu ao programa Portos sen ume, ou programa Clases sen Fume, que forma parte do Plan Proxecta

O Consello da Xunta coñeceu na súa reunión de hoxe o informe sobre o proxecto da Rede galega de parques sen fume, un programa que pretende crear unha rede de parques libres de fume en todo o territorio galego, en colaboración cos concellos.

O Goberno galego busca con este programa implicar aos concellos para que declaren estes espazos libres de fume nos seus territorios. Nos parques sen fume prohibirase fumar. Non haberá sancións, e a elección destes espazos responderá a unha responsabilidade individual, xunto co seu cumprimento.

Os parques que sexan seleccionados para formar parte desta rede poderán ser de diferentes tamaños, pero terán que estar sinalizados no seu acceso. A sinalización dependerá da súa extensión, que vai ser clave para que os que acudan coñezan a prohibición de fumar. Para incentivar e premiar os concellos que primeiro decidan adherirse a esta rede, a Xunta facilitará de forma gratuíta o material de sinalización.

Unha vez iniciada a campaña de sensibilización en 2022, esta irase renovando cada ano, intentando acadar a maior participación posible de concellos.

Promocionar unha vida sen tabaco, desnormalizar o seu consumo na sociedade nos espazos ao aire libre; reforzar o papel modélico positivo das persoas adultas e promover o respecto e coidado do ambiente son algúns dos valores que a Xunta quere potenciar con actuacións coma esta. Tamén, o Goberno galego avanza na creación de espazos sen fume, unha das medidas recomendadas pola Organización Mundial da Saúde.

Ademáis, a creación de espazos sen fume ao aire libre ten un fin educativo e de sensibilización social. Ampliar a limitación do consumo a lugares que non están recollidos na norma actual implica un cambio na percepción social sobre o tabaco, e converte estas contornas en educativas e preventivas.

As últimas cifras de prevalencia na nosa Comunidade, indican que o 17 % da poboación galega fuma diariamente, e o 22,2 % dos mozos e o 17,6 % das mozas galegas de 16 a 24

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

anos son fumadores. Conseguir que estas cifras baixen nos próximos anos é un obxectivo prioritario para a Xunta de Galicia.

### **Praias, portos e clases sen fume**

Xunto a esta Rede galega de parques sen fume, a Xunta de Galicia suma outras actuacións dirixidas a promover unha vida sen tabaco. No ano 2016 creouse a Rede galega de praias sen fume, iniciativa pioneira a nivel estatal e referente na creación de espazos sen fume ao aire libre non regulados pola normativa vixente. Este proxecto supuxo un punto de partida para actividades de promoción da saúde dirixidas á cidadanía, onde a súa participación activa é imprescindible.

A evolución de rede está sendo moi satisfactoria, acadando neste ano unha participación de 80 concellos e 214 praias, contando xa con 22 concellos que posúen a máxima categoría ao ter declaradas todas as súas praias sen fume.

No ano 2018, o proxecto estendeuse á Rede galega de portos sen fume que conta con oito portos deportivos adheridos.

Así mesmo, a Xunta ten en marcha outras accións encamiñadas a promover a diminución do consumo de tabaco e a realización de programas de prevención das adiccións nos ámbitos educativo, familiar, xuvenil e laboral e o programa incluído no Plan Proxecta Clases sen fume.

Tamén está en marcha o Plan anual de inspección de tabaquismo, en colaboración coas xefaturas territoriais, mediante o que se supervisa o cumprimento da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, subministración, consumo e publicidade dos produtos de tabaco.